



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ESPECIFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROGRAMA DE BECAS DIRIXIDO A TITULADOS UNIVERSITARIOS

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada por Decreto 111/1992, de 11 de abril, coma unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cúas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguíntes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito dos residuos.

Ditas actividades realízanse nunhas instalacións industriais complexas, que dispoñen entre outros de laboratorios, talleres de mantemento, almacéns, maquinaria fixa e móbil, etc.. Nestas instalacións traballan profesionais de múltiples especialidades, dispostos a acoller alumnos en prácticas dos diferentes programas de formación, principalmente de centros de ensinanza públicos dependentes da Xunta de Galicia, contribuíndo deste xeito á mellor formación dos alumnos de ditos centros ou titulados cara a acadar mellores profesionais no ámbito de actividade de Sogama.

(2) **Antecedentes:** Sogama ven colaborando e acoitando titulados universitarios a través de diversos programas de becas, para completar a súa formación académica dende hai anos. Neste tempo a valoración positiva tanto dos alumnos que remataron a súa beca nas nosas instalacións, como o das persoas que tutelaron ditos alumnos

durante a súa estadía, confirman a necesidade de seguir apostando pola suscripción de convenios de colaboración no marco da educación e o ensino.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14/11/2018 ata o 13/11/2019.

(4) O convenio ten por obxecto: acoller a alumnos titulados para a realización de prácticas formativas nos departamento de Administración e Comunicación a través do programa de becas da FUAC.

(5) O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O obxectivo do convenio é a colaboración entre as entidades ás que se representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación no centro de traballo de Sogama, dirixido a alumnos titulados que cumpran os requisitos esixidos pola FUAC.

(6) Polo exposto, xustifícase a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

(7) O convenio supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica estimada para un máximo de tres becas de 38.474,64 euros, con cargo aos seus orzamentos, e dividida nos seguintes importes:

Concepto	€uros	Meses	Total
Achega mensual	900	12	10.800
Seguridade Social 2019	39,58 €/mes natural	12	474,96

Gastos de Xestión e Tramitación: 12 % da Achega mensual: 1.296 €.

Iva 21% sobre os gastos de Xestión e Tramitación: 272,16 €.

Total gasto por beca: 12.843,12 €.

Ditas cantidades calculáronse en función dunha estimación de tres becarios, que completen a estadía dun ano como máximo, tendo en conta os custos vixentes de seguridade social para o ano 2018.

Isidro García Téllez

Director Xeral.

asinado dixitalmente